

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE FEBREIRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 21 de febreiro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 19 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Carlos López Font
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda (agás os puntos 7, 8a e 9)
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 7, 8a e 9)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (178.230-301) (confidencialidade das ofertas)

Dáse conta do escrito presentado por EULEN o 13 de febreiro de 2019 (documento nº 190022370) no que solicita ao Concello "que requira ás entidades presentadas designen como confidencial só a documentación que conteña información que considere de tal carácter".

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 12 de febreiro de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. ELSAMEX, S.A.
2. CALFENSA PROYECTOS, S.L.

Durante o prazo concedido, ambos os dous licitadores presentaron documentación, que foi remitida ao responsable do contrato.

O 19 de febreiro de 2019 o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns emitiu informe sobre a documentación presentada no que conclúe que os valores anormais das ofertas presentadas polas dúas empresas se entenden xustificadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:08	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A746-EBC248-3F28A3-NFLW3X-TZ16VM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 19 de febreiro de 2019 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as Escolas infantís municipais, Escola municipal de música e Escola municipal de teatro (386-2202) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de Recursos Humanos o 18 de febreiro de 2019 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa. Acto seguido publícase no perfil de contratante.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ELSAMEX, S.A.	85,30
2	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	82,90



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



3	JARDINCELAS, S.L.	82,70
4	LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.	68,69
5	BRICANTEL ESPAÑA, S.L.	64,54

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELSAMEX, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as Escolas infantís municipais, Escola municipal de música e Escola municipal de teatro (386-2202)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución prezo	Incremento plans autoprotección mínimos exixidos	Incremento plans autoprotección n mínimos exixidos	Formación adicional xestión emerxencias e plans autoprotección a maiores da mínima exixida	Habilitación profesional director de seguridade privada
1	P3CONSULTORES SEGURIDAD, S.L.	27.285,50 €*	-	-	-	-
2	PREVENTECNIA (D. Pedro Murciego Delgado)	23.019,06 €	31	8	175	si

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Á vista do resultado da apertura económica, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Excluir a P3CONSULTORES SEGURIDAD, S.L. por exceder o prezo ofertado do orzamento base de licitación (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2.C do prego de cláusulas administrativas particulares - PCAP).
2. Outorgar a máxima puntuación a PREVENTECNIA (D. Pedro Murciego Delgado) pola súa



proposición avaliable a través de fórmula (75 puntos, de conformidade co apartado 7B das FEC do PCAP) ao resultar o único licitador admitido, en aplicación do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Tendo en conta a puntuación outorgada a este licitador na proposición avaliable mediante xuízo de valor (24,25 puntos), a puntuación total ascende a 99,25 puntos.

3. Propoñer, por unanimidade dos asistentes, á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), á vista das actuacións e acordos da Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de P3CONSULTORES SEGURIDAD, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de febreiro de 2019 por exceder a súa proposición do orzamento base de licitación (cláusula 14.2.C do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as Escolas infantís municipais, Escola municipal de música e Escola municipal de teatro (386-2202) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	PREVENTECNIA (D. Pedro Murciego Delgado)	99,25

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PREVENTECNIA (D. Pedro Murciego Delgado), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:08	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A746-EBC248-3F28A3-NFLW3X-TZ16VM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		